

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**508** *Real decreto 20/2014, do 17 de xaneiro, polo que se completa o réxime xurídico en materia de asignación de franxas horarias nos aeroportos españois.*

O modelo de xestión aeroportuaria e de prestación de servizos de navegación aérea en España foi obxecto dun importante proceso de modernización tras as reformas legislativas operadas, fundamentalmente, pola Lei 9/2010, do 14 de abril, pola que se regula a prestación de servizos de tránsito aéreo, se establecen as obrigas dos provedores civís de tales servizos e se fixan determinadas condicións laborais para os controladores civís de tránsito aéreo; o Real decreto 931/2010, do 23 de xullo, polo que se regula o procedemento de certificación de provedores civís de servizos de navegación aérea e o seu control normativo, e o Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego.

Este proceso de modernización supuxo, dun lado, a separación entre a xestión aeroportuaria e a provisión dos servizos de navegación aérea, así como a incorporación de novos provedores de servizos de tránsito aéreo de aeródromo. Doutro, a xestión dos aeroportos de interese xeral e titularidade estatal atribuíuse a Aena Aeropuertos, S.A., que convive cos xestores de aeroportos non integrados na rede atribuída á xestión e explotación da sociedade mercantil estatal.

Neste contexto, o Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, establece que regulamentariamente se establecerán as funcións de coordinación, facilitación e supervisión de franxas horarias de conformidade co establecido no Regulamento (CEE) n.º 95/93 do Consello, do 18 de xaneiro, relativo a normas comúns para a asignación de franxas horarias nos aeroportos comunitarios (en diante, regulamento) e que, cando entre en vigor esta disposición, quedará derogada a regulación sobre a materia contida no Real decreto lei 15/2001, do 2 de novembro, polo que se adoptan medidas urxentes en materia de transporte aéreo.

Conforme isto, este real decreto completa o réxime xurídico previsto no regulamento, regulando a responsabilidade do xestor aeroportuario na realización dos estudos para a determinación da capacidade aeroportuaria e a competencia do titular do Ministerio de Fomento para designar os aeroportos coordinados e facilitados, o coordinador e facilitador de franxas horarias (en diante, coordinador) e o director de coordinación, así como os requisitos que deben reunir para seren designados e o seu control e supervisión pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea para os efectos de verificar que cumpren os requisitos establecidos no regulamento e neste real decreto.

Ademais, este real decreto crea os comités de coordinación de franxas horarias e establece a súa composición.

Facendo uso da facultade conferida aos Estados polo regulamento, atribúenselle a un único coordinador as funcións de coordinador e facilitador de franxas horarias en todo o territorio do Estado.

O coordinador é responsable de asignar as franxas horarias para a aterraxe e a engalaxe nos aeroportos coordinados, que son aqueles en que, para aterrizar ou engalar, as compañías aéreas e calquera outro operador dunha aeronave teñen que ter unha franxa horaria asignada, con excepción dos voos de Estado, as aterraxes de emerxencia e os voos con fins humanitarios. Como facilitador de horarios, é responsable de simplificar as operacións das compañías aéreas nos aeroportos facilitados, que son aqueles en que o risco de conxestión en determinados períodos se pode evitar mediante a cooperación voluntaria entre as compañías aéreas.

Atendendo á coactividade do uso dos servizos do coordinador nos aeroportos designados coordinados, a Avogacía Xeral do Estado emitiu informe no senso de que a retribución destes servizos se debe articular a través dunha prestación patrimonial pública fixada por lei. Conforme isto, este real decreto non regula a retribución dos servizos que presta o coordinador en materia de asignación ou facilitación de horarias.

Este real decreto, de conformidade co informe do Ministerio de Defensa, establece un réxime específico para a designación das bases aéreas abertas ao tráfico civil e aeródromos de utilización conxunta como aeroportos coordinados ou facilitados de forma que se salvagardan as competencias deste departamento e se concreta a aplicación da norma en relación coas operacións civís e a súa xestión. Así mesmo, especificanse as funcións do coordinador ou facilitador nos aeroportos situados en aeródromos de utilización conxunta, en relación coas operacións das aeronaves civís.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de xaneiro de 2014,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto completar o réxime xurídico previsto no Regulamento (CEE) n.º 95/93 do Consello, do 18 de xaneiro de 1993, relativo a normas comúns para a asignación de franxas horarias nos aeroportos comunitarios (en diante, o regulamento).

2. Con este obxecto, identifícase o órgano responsable para a realización dos estudos para a determinación da capacidade aeroportuaria e para a determinación dos parámetros para a designación de franxas horarias, e régúlese a designación dos aeroportos coordinados e facilitados, os requisitos e o ámbito de actuación do coordinador e facilitador de franxas horarias (en diante, coordinador), así como a súa designación e os supostos en que procede a súa revogación.

Así mesmo, este real decreto regula a designación e o cesamento do director de coordinación e o control e supervisión do coordinador e do director de coordinación, así como a composición e constitución dos comités de coordinación de franxas horarias e dos subcomités de seguimento do uso das franxas horarias.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Sen prexuízo do disposto na disposición adicional segunda en relación coas bases aéreas abertas ao tráfico civil e cos aeródromos de utilización conxunta, este real decreto será de aplicación á actividade desenvolvida polo coordinador de franxas horarias nos aeroportos españois en materia de coordinación, facilitación ou calquera outra equivalente que lle atribúa o regulamento.

Así mesmo, este real decreto é de aplicación ao coordinador, ao director de coordinación, aos comités de coordinación de franxas horarias e aos subcomités de seguimento.

## CAPÍTULO II

**Determinación da capacidade aeroportuaria e designación dos aeroportos coordinados e facilitados**

Artigo 3. *Determinación da capacidade aeroportuaria e determinación dos parámetros para a asignación de franxas horarias.*

1. Corresponde ao xestor aeroportuario, coa colaboración dos provedores de servizos de navegación aérea implicados, a realización da análise detallada da capacidade dispoñible para a asignación de franxas horarias no aeroporto.

Estas análises determinarán os problemas de capacidade, tendo en conta todos os subsistemas aeroportuarios afectados, así como as limitacións ambientais do aeroporto.

2. As análises previstas no número anterior axustaranse ao disposto no artigo 3 do regulamento e remitiranse ás partes previstas nese precepto e, ademais, ao director de coordinación, con antelación suficiente para o adecuado cumprimento das súas funcións, así como, de forma simultánea, á Dirección Xeral de Aviación Civil e ao comité de coordinación de franxas horarias que exerza as súas funcións sobre o aeroporto, co fin de garantir a todas as partes interesadas a imparcialidade, a transparencia e a non discriminación do proceso.

3. A Dirección Xeral de Aviación Civil, co obxectivo de verificar que os estudos de capacidade responden adecuadamente ás necesidades do transporte aéreo, poderá requirir o xestor aeroportuario para a realización das análises complementarias que xulgue necesarias.

4. Corresponde ao director xeral de Aviación Civil a determinación dos parámetros para a asignación de franxas horarias, de conformidade co procedemento previsto no artigo 6 do regulamento.

Artigo 4. *Designación dos aeroportos coordinados e facilitados.*

1. O titular do Ministerio de Fomento, por proposta da Dirección Xeral de Aviación Civil, logo de informe do xestor aeroportuario e, no caso dos aeroportos de competencia autonómica, do órgano competente en materia de aeroportos da respectiva comunidade autónoma, unha vez realizados os trámites previstos no regulamento, designará ou excluirá os aeroportos nas respectivas categorías previstas no regulamento, modificando, para tal efecto, a lista incluída no anexo.

2. Para estes efectos, desígnanse como aeroportos coordinados e facilitados no momento da entrada en vigor deste real decreto os aeroportos españois que figuran no anexo.

## CAPÍTULO III

**Designación, revogación e cesamento de actividade do coordinador**

Artigo 5. *Designación do coordinador e revogación.*

1. Corresponde ao titular do Ministerio de Fomento, por proposta da Dirección Xeral de Aviación Civil e logo dos trámites previstos no artigo 4.1 do regulamento, a designación do coordinador, que será único e exercerá en todo o territorio do Estado, a través do director de coordinación, as funcións de coordinación e facilitación de franxas horarias, así como calquera outra función atribuída polo regulamento ao coordinador.

Así mesmo, corresponde ao titular do ministerio, por proposta da Dirección Xeral de Aviación Civil, a revogación da designación no caso de incumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto e no regulamento.

A orde do titular do Ministerio de Fomento en que se acorde a designación ou revogación do coordinador pon fin ao procedemento administrativo, e contra ela poderase interpor recurso contencioso-administrativo de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No prazo máximo de seis meses desde a publicación da revogación da designación, designarase un novo coordinador. Para garantir a continuidade do servizo, o coordinador cuxa designación se revogase deberá seguir prestando os seus servizos ata que o novo coordinador designado inicie as súas actividades.

2. O procedemento para a designación do coordinador iníciase de oficio por acordo do director xeral de Aviación Civil, que se publicará na páxina web do Ministerio de Fomento e se notificará ao Comité Estatal de Coordinación de Franxas Horarias, concedendo un prazo de dez días para que se formulen as solicitudes pertinentes para concorrer ao procedemento de designación.

No caso de que ao procedemento de selección conorra máis dunha organización que reúna os requisitos exixidos neste real decreto, designarase aquela que teña unha maior representatividade dos aeroportos coordinados e das compañías aéreas que operen neles.

Transcorridos seis meses desde a data do acordo de iniciación do procedemento sen que se ditase resolución expresa e sen prexuízo da obriga de resolver, as organizacións que concorren ao procedemento de designación poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo, conforme o previsto no artigo 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A data de inicio das funcións do coordinador establecerase na designación, e poderase pospor á designación do director de coordinación se tal designación non se produce nun mesmo acto administrativo.

4. Sen prexuízo de calquera informe que a Dirección Xeral de Aviación Civil considere pertinente solicitar para a resolución do procedemento, no de revogación solicitarase o informe da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

5. A designación e revogación do coordinador publicarase no «Boletín Oficial del Estado».

#### Artigo 6. *Cesamento de actividade do coordinador.*

No caso de que o coordinador decida cesar no exercicio das súas funcións, porao en coñecemento da Dirección Xeral de Aviación Civil, ao menos, con seis meses de antelación á data prevista para o cesamento de actividades.

O coordinador que cese na súa actividade deberá asegurar a continuidade na prestación do servizo ata que inicie as súas actividades o novo coordinador designado na data que se determine na resolución en que se proceda á súa designación.

#### Artigo 7. *Transferencia de medios.*

Nos supostos de revogación ou cesamento da actividade do coordinador, este facilitará a continuidade no emprego dos medios dispoñibles, en especial dos informáticos, co obxecto de que o novo coordinador designado leve a cabo as funcións previstas no artigo 5.1, sen prexuízo dos acordos ou contratos que procedan.

Ante a imposibilidade de acordo entre o coordinador saínte e o entrante, o Ministerio de Fomento adoptará as medidas oportunas que garantan a transferencia de medios a que se refire o parágrafo anterior.

### CAPÍTULO IV

#### Requisitos do coordinador

#### Artigo 8. *Natureza.*

1. O coordinador será unha persoa xurídica privada sen ánimo de lucro e de ámbito estatal, constituída por tempo indefinido, que acredite o cumprimento e mantemento dos requisitos establecidos neste capítulo.

2. O domicilio social do coordinador deberá estar situado en territorio español.

#### Artigo 9. *Composición.*

1. O coordinador estará integrado por xestores aeroportuarios e operadores aéreos que desenvolvan a súa actividade nos aeroportos españois. A participación de calquera das categorías na organización non excederá o 60 % do capital da entidade sen ánimo de lucro, nin o 50 % na representación dos órganos de goberno e de xestión ordinaria da organización. Para estes efectos, considerarase que existe representación paritaria nos órganos de goberno e de xestión cando estatutariamente se asegure que cada unha das categorías ten o mesmo número de votos, con independencia dos membros que integren cada unha delas.

Ademais, máis do 50 % do capital do coordinador estará en mans de sociedades con domicilio social nos Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo ou de cidadáns deses Estados, xa sexa de forma directa ou a través dunha ou de varias sociedades intermedias, e a participación no capital do coordinador de calquera dos seus membros en ningún caso representará unha porcentaxe que determine un cambio na natureza xurídico-privada do coordinador.

Para os efectos deste artigo, entenderase por capital o patrimonio inicial ou a dotación da organización, así como calquera contribución dos membros á organización, económica ou patrimonial, distinta das vías de financiamento previstas no artigo 13.2 e 3.

2. No momento da designación deberá formar parte da organización, como mínimo, un número significativo dos xestores dos aeroportos coordinados, entendendo por tal aquel que represente ao menos un volume de tráfico equivalente ao dos 6 aeroportos coordinados con maior volume de tráfico, así como un número de operadores aéreos establecidos en España que, considerados no seu conxunto, representen, ao menos, o 20 % dos movementos nos aeroportos españois coordinados.

Cando se produza unha diminución na representatividade dos aeroportos ou dos operadores aéreos prevista no parágrafo anterior e mentres dure esta, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea someterá o coordinador a un plan específico de supervisión co obxecto de asegurar que esa diminución da representatividade obedece, exclusivamente, á libre decisión das partes que, conforme o previsto neste real decreto, poden participar na organización e que non incide no funcionamento do coordinador ou na competencia. Para estes efectos, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá solicitar o informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Cando se constate que a diminución da representatividade se vai manter de forma indefinida, poderase revogar a designación.

3. No coordinador poderán participar, así mesmo, os xestores dos aeroportos facilitados e os operadores aéreos cun volume significativo de movementos nos aeroportos facilitados. Estatutariamente estableceranse os dereitos e as obrigas destes suxeitos e a súa representatividade nos órganos de goberno e de xestión ordinaria da organización.

4. Os estatutos deberán prever, así mesmo, a incorporación á organización dos xestores dos aeroportos españois designados como coordinados e dos operadores aéreos que teñan un volume significativo de operacións nos aeroportos españois coordinados.

Os estatutos recollerán igualmente que, no prazo de tres meses desde a solicitude de incorporación ao coordinador, este resolverá motivadamente sobre a procedencia da incorporación á organización da compañía aérea ou do xestor aeroportuario solicitante e que, transcorrido ese prazo sen que a solicitude de incorporación fose desestimada, procederá a integración na organización do solicitante. A denegación da incorporación só se poderá basear en que o solicitante, sexa xestor aeroportuario ou operador aéreo establecido en España, non acreditou durante o ano anterior un volume mínimo de tráfico ou de movementos nos aeroportos coordinados dun 0,4 % conforme as estatísticas da Dirección Xeral de Aviación Civil.

#### Artigo 10. *Organización e funcionamento.*

1. A organización e o funcionamento do coordinador articularanse estatutariamente a través dos seguintes órganos de goberno:

a) O órgano máximo de goberno da organización en que, de ser o caso, se integran os seus membros, nos termos previstos estatutariamente.

b) O órgano de xestión ordinaria da organización, designado polo órgano máximo de goberno.

2. Ademais das funcións que lle atribúan a lei e os estatutos, corresponde ao órgano máximo de goberno:

a) A aprobación das contas anuais e dos plans de actuación da organización.

b) A modificación dos estatutos.

c) A designación dos membros do órgano de xestión ordinaria e, se procede, a fixación da remuneración dos seus membros.

d) A fusión ou disolución da organización.

e) A proposta de designación e remoción do director de coordinación.

A adopción dos acordos estará suxeita ás maiorías previstas legal ou estatutariamente. En todo caso, requirirase que os previstos neste punto se adopten por maioría dos votos emitidos en cada unha das dúas categorías que integran a organización, xestores aeroportuarios e operadores aéreos.

3. A composición dos órganos previstos no número 1, os procedementos de toma de decisións e o funcionamento da organización asegurarán:

a) A representación efectiva de todos os membros da organización sen ánimo de lucro, de modo que ningún membro individual teña, de forma directa ou indirecta, o control efectivo da organización.

b) A independencia do director de coordinación no exercicio das súas funcións.

#### Artigo 11. *Fins e actividades.*

Os fins do coordinador e as súas actividades concretaranse no exercicio das funcións previstas no artigo 5.1 con suxeición ás disposicións recollidas no regulamento e neste real decreto, sen prexuízo de que estatutariamente se poida prever a posibilidade de realizar outras actividades auxiliares que non entren en conflito co exercicio da súa función principal.

A delimitación das actividades auxiliares e a súa oferta asegurará que o coordinador non se aproveita dunha vantaxe competitiva pola súa designación como tal.

#### Artigo 12. *Servizos.*

O coordinador prestará servizos a todos os operadores aéreos usuarios dos aeroportos en que desenvolva as funcións previstas no artigo 5.1, mesmo cando non sexan membros da organización. Esta obriga figurará nos estatutos do coordinador.

#### Artigo 13. *Financiamento.*

1. O financiamento do coordinador deberá garantir a súa independencia, de conformidade co previsto no regulamento, e a suficiencia para asegurar a continuidade na prestación dos servizos de coordinación.

2. O coordinador financiarase fundamentalmente, nos termos previstos legalmente, a través da retribución polos servizos prestados aos xestores aeroportuarios e aos operadores aéreos na asignación de franxas horarias e no asesoramento ou recomendación de horarios alternativos nos aeroportos facilitados, así como no exercicio de calquera outra función que o regulamento lle atribúa ao coordinador.

Para asegurar o cobramento pola prestación destes servizos e sen prexuízo do que se establece legalmente, o coordinador poderá exixir a operadores aéreos e xestores aeroportuarios usuarios dos seus servizos garantías tales como avais ou anticipos totais ou parciais.

3. Para os exclusivos efectos de facilitar a independencia financeira do coordinador e o seu mantemento para o cumprimento das funcións establecidas no regulamento, o

coordinador poderá obter outros ingresos polo exercicio das actividades auxiliares a que se refire o artigo 11, sempre que eses ingresos non representen máis dun 25 % dos ingresos totais do coordinador e estes se destinen a financiar o custo dos servizos a que se refire o número anterior.

A fixación destes prezos privados e o seu destino, conforme o previsto neste punto, realizarase de forma transparente e estará suxeita á supervisión da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, conforme o previsto no artigo 18.

#### Artigo 14. *Director de coordinación.*

1. O coordinador deberase dotar dun director de coordinación que será o máximo responsable do exercicio das funcións atribuídas ao coordinador de conformidade co previsto no artigo 5.1 deste real decreto, de forma independente de todas as partes interesadas, imparcial, non discriminatoria e transparente, de conformidade co previsto no artigo 4, números 2, 4 e 5, do regulamento.

Así mesmo, o director de coordinación será responsable do seguimento e supervisión do uso das franxas horarias asignadas, co obxecto de asegurar o seu uso efectivo, o cumprimento puntual da programación e a mellora da calidade, flexibilidade e efectividade do proceso de coordinación, e desempeñará a máxima representación técnica do coordinador, tanto nacional coma internacional, nas materias relativas ás funcións a que se refire o parágrafo anterior, de conformidade co establecido no artigo 4, números 3 e 6, do regulamento.

2. Ademais, o director de coordinación poderá desenvolver outras funcións que lle sexan expresamente atribuídas nos estatutos do coordinador, salvo que estas sexan incompatibles co exercicio das funcións previstas no número 1 ou poidan afectar as condicións de independencia, imparcialidade, non discriminación e transparencia en que as debe exercer.

3. O coordinador asegurará a independencia funcional, financeira e económica do director de coordinación e do persoal técnico adscrito.

#### Artigo 15. *Nomeamento e cesamento do director de coordinación.*

1. A designación do director de coordinación realizaraa o titular do Ministerio de Fomento, por proposta da organización que solicite ser designada coordinador ou do coordinador designado, segundo sexa o caso, e logo de informe da Dirección Xeral de Aviación Civil, entre persoas que acrediten un amplo coñecemento e experiencia en materia de xestión de franxas horarias, coordinación e facilitación.

2. O cesamento do director de coordinación será realizado polo titular do Ministerio de Fomento, por proposta do coordinador e logo de informe da Dirección Xeral de Aviación Civil. Cando o cesamento se funde no incumprimento ou cumprimento defectuoso do disposto no regulamento ou neste real decreto, tamén será necesario o informe da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Así mesmo, o titular do Ministerio de Fomento autorizará a renuncia do director de coordinación, cando este decida cesar voluntariamente no exercicio das súas funcións.

En ningún dos dous casos se producirá o cesamento efectivo do director de coordinación ata que se nomee un novo director e este poida iniciar o exercicio efectivo das súas funcións. Para estes efectos, o coordinador establecerá un plan de transición que garanta que en ningún caso se verá comprometida a continuidade na prestación dos servizos precisos para o exercicio das funcións previstas no artigo 5.1 e o seu seguimento e supervisión.

#### Artigo 16. *Persoal técnico adscrito ao director de coordinación.*

1. O coordinador dotará o director de coordinación de persoal técnico suficiente para a correcta execución das funcións a que se refire o artigo 14.1.

2. Este persoal, que quedará adscrito ao director de coordinación:

a) Deberá contar con experiencia acreditada en materia de coordinación ou formación adecuada para tal efecto.

b) Estará suxeito aos principios de non discriminación, imparcialidade e transparencia.

c) Actuará baixo a exclusiva dirección do director de coordinación, sen suxeición a ningunha outra autoridade.

Artigo 17. *Acceso aos sistemas de información e ferramentas informáticas.*

1. O coordinador designado chegará a acordos cos xestores de aeroportos en que desenvolva as funcións previstas no artigo 5.1, así como cos provedores de servizos de navegación aérea, para acceder en tempo e forma aos sistemas de información e operativos e ás ferramentas informáticas empregados por estes, co obxecto de obter toda a información dos aeroportos e dos operadores aéreos sobre a planificación, execución e análise da operación de aeronaves que resulte necesaria para o exercicio de tales funcións e o seu seguimento.

O coordinador garantirá que o acceso á información a que se refire este número queda limitado ao director de coordinación e ao persoal técnico adscrito a el.

2. Nos acordos a que se refire o número anterior, preverase a forma e condicións de acceso dos xestores aeroportuarios e dos provedores de servizos de navegación aérea á información dos sistemas de información e ás ferramentas informáticas empregadas na xestión das funcións de coordinación.

Os xestores aeroportuarios e os provedores de servizos de navegación aérea aseguraranse do tratamento confidencial da información obtida por este medio.

## CAPÍTULO V

### Competencias administrativas

Artigo 18. *Competencias do Ministerio de Fomento.*

1. O Ministerio de Fomento, a través da Dirección Xeral de Aviación Civil, velará por que o director de coordinación exerza as funcións previstas no artigo 5.1 de forma imparcial, non discriminatoria, independente e transparente, de conformidade co previsto no regulamento, e que a organización e funcionamento do coordinador se axuste ao previsto neste real decreto.

2. En todo caso, corresponde á Axencia Estatal de Seguridade Aérea o control e a inspección do director de coordinación e do coordinador, incluída a súa supervisión económica, e o seu funcionamento, así como o informe do cumprimento dos requisitos establecidos no regulamento e neste real decreto.

No exercicio da función de supervisión económica, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea verificará que o financiamento do coordinador garante a súa suficiencia financeira e a continuidade na prestación dos servizos.

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderalle requirir ao coordinador canta información sexa precisa para o exercicio das súas funcións de supervisión económica.

3. Para os efectos do exercicio das potestades inspectora e sancionadora nesta materia, observarase o disposto na Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, así como o establecido no Real decreto 98/2009, do 6 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de inspección aeronáutica. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea será o organismo competente para o exercicio destas funcións.

4. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea, no exercicio das funcións previstas nos números 2 e 3, en relación coa actividade do director de coordinación e do coordinador nos aeroportos de competencia autonómica, requirirá o informe preceptivo da respectiva comunidade autónoma.

5. No caso de que sexa necesaria a modificación das franxas horarias reservadas para as operacións realizadas no exercicio de obrigas de servizo público, esa modificación deberá ser autorizada pola Dirección Xeral de Aviación Civil, logo de comprobación de que se axusta ás obrigas de servizo público acordadas.

No suposto de que a compañía que realiza as rutas a que se refire o artigo 9 do regulamento non faga uso das franxas horarias atribuídas, o director de coordinación poderá reasignalas, logo de autorización da Dirección Xeral de Aviación Civil.



6. A Dirección Xeral de Aviación Civil e a Axencia Estatal de Seguridade Aérea acordarán o intercambio de información co obxecto de facilitar o correcto exercicio das súas funcións.

Artigo 19. *Deberes de información do coordinador.*

1. Sen prexuízo dos deberes de información previstos no regulamento, o director de coordinación responderá todas as solicitudes de información que lle realicen a Axencia Estatal de Seguridade Aérea e a Dirección Xeral de Aviación Civil en relación coas franxas horarias dispoñibles nos aeroportos en que desenvolve as funcións previstas no artigo 5.1.

2. Ademais, o director de coordinación ou, en relación coas funcións non atribuídas a este, o coordinador, facilitará, sen necesidade de que lle sexa requirido:

a) Información das eventuais dificultades ás cales teña que facer fronte debido ás novas capacidades dispoñibles para a atribución de franxas horarias.

b) Información, ao final de cada período de programación, sobre o conxunto das franxas horarias recoñecidas como históricas por compañía e por aeroporto e, chegado o caso e por petición da Dirección Xeral de Aviación Civil ou da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, sobre aquelas franxas horarias que perdesen o seu carácter histórico.

c) Os datos, por aeroporto, sobre a información relativa ás franxas horarias a que se refire o artigo 10 do regulamento con anterioridade á realización de cada conferencia de coordinación.

d) Un informe tras a realización de cada conferencia de coordinación en que se indicarán as franxas horarias atribuídas a cada transportista, así como as demandas de franxas horarias que non puidesen ser satisfeitas por transportista e por aeroporto.

e) Información de calquera irregularidade que se produza, de maneira reiterada, no uso das franxas horarias asignadas.

f) Información, cando teña coñecemento, da concorrencia dalgunha das circunstancias a que se refire o artigo 11 do regulamento.

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea, en caso de que existan indicios de mal funcionamento dos servizos adscritos ao director de coordinación no exercicio das funcións previstas no artigo 5.1, ademais de poñelo en coñecemento do coordinador e de lle solicitar un exame da situación e a identificación das medidas pertinentes para emendar as deficiencias detectadas, poderá acordar o inicio dunha actuación de inspección, de conformidade co previsto no Real decreto 98/2009, do 6 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da inspección aeronáutica.

g) O acceso, ininterrompidamente e sen restricións, aos sistemas de información e ás ferramentas informáticas empregadas na xestión das funcións prevista no artigo 5.1, con fins de consulta.

h) As súas contas anuais aprobadas polo máximo órgano de goberno da organización e, cando sexa exixible pola normativa aplicable á organización, auditadas, como máis tarde seis meses despois do último día do exercicio financeiro correspondente.

i) As modificacións estatutarias e os cambios na súa composición.

A información a que se refire este número facilitaráselle, respectivamente, á Dirección Xeral de Aviación Civil a referida nas letras a) a d), ambas inclusive, e i), e á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, a establecida nas letras b) a i), ambas inclusive.

3. A información prevista no número 2 poderase presentar por medios electrónicos, e a prevista nas letras b), c) e d) poderase prestar mediante o acceso directo á dita información a través das ferramentas informáticas do coordinador. Para estes efectos, non terá a consideración de acceso directo á información toda aquela posta á disposición que requira procesar a información que conste en tales ferramentas.

4. Igualmente, o director de coordinación atenderá as solicitudes de información que lle realice o órgano competente en materia de aeroportos das respectivas comunidades autónomas en relación cos aeroportos de competencia autonómica en que desenvolva as funcións previstas no artigo 5.1.

5. A información a que se refire este artigo facilitarase de forma gratuíta.

## CAPÍTULO VI

**Comités de coordinación de franxas horarias e subcomités de seguimento do uso de franxas horarias**

Artigo 20. *Comités de coordinación de franxas horarias.*

1. O Comité Estatal de Coordinación de Franxas Horarias exercerá as funcións de asesoramento tanto ao coordinador como á Axencia Estatal de Seguridade Aérea e á Dirección Xeral de Aviación Civil e de mediación entre as partes afectadas nas reclamacións sobre a asignación de franxas horarias, segundo o disposto no artigo 5 do regulamento, en todos os aeroportos designados como coordinados nos cales non exista un comité específico de coordinación de franxas horarias do aeroporto, caso en que serán eses comités os que exerzan esas funcións en materia de franxas horarias na infraestrutura da súa competencia.

O Comité Estatal de Coordinación de Franxas Horarias e os comités específicos de coordinación de franxas horarias (en diante, para ambos, comités de coordinación) son órganos de natureza xurídico-privada que se rexerán polas súas propias normas de funcionamento e que, en todo caso, deberán axustarse ao previsto no artigo 5 do regulamento.

2. Por orde do ministro de Fomento, poderase constituír un comité de coordinación específico nun aeroporto cando este supere as 200.000 operacións ao ano.

Artigo 21. *Composición dos comités de coordinación*

1. O Comité Estatal de Coordinación de Franxas Horarias estará composto por:

- a) Aena Aeropuertos, S.A., en representación dos aeroportos coordinados integrados na rede atribuída á súa xestión.
- b) Os xestores dos aeroportos coordinados, en representación do resto dos aeroportos coordinados non integrados na rede xestionada por Aena Aeropuertos, S.A.
- c) As compañías aéreas que operen nos aeroportos coordinados.
- d) As organizacións representativas das ditas compañías aéreas.
- e) As empresas axentes-handling máis representativas en canto ao volume de tráfico tratado nos aeroportos coordinados.
- f) A entidade pública empresarial Aena Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA).
- g) Os provedores de servizos de navegación aérea dos aeroportos coordinados.
- h) Os representantes da aviación xeral que utilicen habitualmente os aeroportos coordinados.
- i) De ser o caso, o resto de suxeitos previstos no regulamento.

2. Os comités específicos de coordinación de franxas horarias garantirán esta mesma representación na súa composición, tomando como referencia o aeroporto coordinado a que se refiran.

3. Terán o carácter de observadores permanentes:

- a) No Comité Estatal de Coordinación, o director de coordinación, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea e a Dirección Xeral de Aviación Civil.
- b) Nos comités específicos de coordinación dun aeroporto, ademais dos previstos na letra a), un representante da comunidade autónoma onde se acha a infraestrutura.

4. A comunidade autónoma titular das competencias sobre aeroportos autonómicos designados aeroportos coordinados será convocada ás reunións do Comité Estatal de Coordinación cando eses aeroportos autonómicos non contén cun comité de coordinación específico, sempre que na orde do día figuren asuntos que afecten as súas competencias e para participar en relación con tales asuntos.

Artigo 22. *Subcomités de seguimento do uso de franxas horarias.*

1. Os comités de coordinación poderán constituír subcomités de seguimento do uso de franxas horarias para cada aeroporto ou conxunto de aeroportos que se encontren dentro do seu ámbito de actuación.

O obxecto destes subcomités será supervisar o cumprimento das normas de uso das franxas horarias por parte das compañías ou doutros operadores aéreos, en apoio ás tarefas que nesta materia corresponden ao director de coordinación. Para tal efecto, os subcomités poderanse comunicar coas compañías ou operadores aéreos en caso de que se detecten anomalías no uso das franxas horarias para solicitar información ao respecto e, de ser o caso, notificar o uso inadecuado ao comité de coordinación e director de coordinación.

2. Os subcomités de seguimento do uso de franxas horarias terán a composición que decida o comité de coordinación que os cree e actuarán de conformidade coas normas de funcionamento do citado comité de coordinación, coas súas propias normas de funcionamento, co establecido no regulamento en materia de supervisión do cumprimento das franxas horarias asignadas ou, de ser o caso, os horarios recomendados para as operacións polas compañías ou operadores aéreos, e no presente real decreto.

O director de coordinación terá o carácter de observador permanente dos subcomités de seguimento do uso de franxas horarias.

Disposición adicional primeira. *Creación dos comités específicos de coordinación de franxas horarias dos aeroportos de Madrid-Barajas e Barcelona-El Prat.*

Créanse os comités específicos de coordinación de franxas horarias dos aeroportos de Madrid-Barajas e Barcelona-El Prat, que pasarán a denominarse, respectivamente, Comité de Coordinación de Franxas Horarias do Aeroporto de Madrid-Barajas e do Aeroporto de Barcelona-El Prat.

Estes comités de coordinación deberanse constituír e dotar das súas propias normas de funcionamento no prazo de oito meses desde a entrada en vigor deste real decreto, e preverán, en todo caso, adicionalmente á participación prevista no artigo 21, a respectiva dos concellos de Madrid e Barcelona en calidade de observadores permanentes.

Disposición adicional segunda. *Bases aéreas abertas ao tráfico civil e aeródromos de utilización conxunta.*

O disposto neste real decreto será de aplicación ás bases aéreas abertas ao tráfico civil e aos aeródromos de utilización conxunta nos seguintes termos:

a) As referencias aos xestores aeroportuarios contidas neste real decreto en relación coas bases aéreas abertas ao tráfico civil entenderanse realizadas á entidade responsable da explotación, conservación e administración das zonas civís, conforme o previsto no artigo 9 do Real decreto 1167/1995, do 7 de xullo, sobre réxime de uso dos aeródromos utilizados conxuntamente por unha base aérea e un aeroporto e das bases aéreas abertas ao tráfico civil.

b) O coordinador ou facilitador nas bases aéreas abertas ao tráfico civil realizará as súas funcións exclusivamente en relación coas operacións das aeronaves civís e con suxeición aos convenios en que se fixe o uso de tales bases para o tráfico civil.

c) A designación ou exclusión dunha base aérea aberta ao tráfico civil en calquera das categorías previstas no regulamento, así como as análises detalladas para a determinación da súa capacidade aeroportuaria, e a autorización da Dirección Xeral de Aviación Civil para a modificación de franxas horarias reservadas para operacións realizadas no exercicio de obrigas de servizo público en tales infraestruturas realizarase logo de informe vinculante do Ministerio de Defensa.

Nos aeródromos utilizados conxuntamente por unha base aérea ou un aeródromo militar e un aeroporto, as actuacións no aeroporto ás cales se refire o punto anterior terán en conta as necesidades da base aérea ou o aeródromo militar e para estes efectos solicitarase informe ao Ministerio de Defensa. Este informe non ten carácter vinculante.

d) En relación coas bases aéreas abertas ao tráfico civil designadas coordinadas ou facilitadas e, de ser o caso, co aeroporto de utilización conxunta de Zaragoza, o acceso, a que se refire o artigo 17, aos sistemas de información e ferramentas informáticas do provedor de servizos de tránsito aéreo militar entenderase referido exclusivamente á información sobre xestión do tráfico civil.

e) O coordinador ou facilitador nos aeroportos situados nun aeródromo de utilización conxunta realizará as súas funcións exclusivamente en relación coas aeronaves civís, sen prexuízo da coordinación a que se refire o artigo 12 do Real decreto 1167/1995, do 7 de xullo.

Disposición transitoria primeira. *Comité Estatal de Coordinación de Franxas Horarias.*

1. A partir da entrada en vigor do presente real decreto, o Comité Nacional de Coordinación de Franxas Horarias pasará a denominarse Comité Estatal de Coordinación de Franxas Horarias.

O Comité Estatal de Coordinación deixará de realizar as súas funcións sobre os aeroportos que contén cun comité específico de coordinación no momento en que, constituído este, conte coas súas normas de funcionamento específicas.

2. O Comité Estatal de Coordinación de Franxas Horarias adaptará as súas normas de funcionamento ao previsto neste real decreto no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor.

Disposición transitoria segunda. *Exercicio de funcións pola entidade pública empresarial Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA).*

A entidade pública empresarial Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA) seguirá exercendo as funcións de coordinación, facilitación e supervisión previstas no regulamento e neste real decreto, mentres se produce a data de inicio de funcións do coordinador designado polo Ministerio de Fomento.

No prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto ou da entrada en vigor da disposición legal que estableza a retribución dos servizos do coordinador, se esta é posterior, o titular do Ministerio de Fomento designará o coordinador.

Producida a designación do coordinador, e co fin de facer efectivo o traspaso de funcións garantindo a continuidade, eficiencia e seguranza do servizo de coordinación e facilitación, a entidade pública empresarial Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA) porá á disposición do coordinador todas as ferramentas informáticas e de xestión empregadas no proceso de coordinación, logo de celebración dos acordos ou contratos que sexan precisos para tal efecto.

Disposición derogatoria única. *Normas derogatorias.*

No momento da entrada en vigor deste real decreto producirá efecto a derogación do Real decreto lei 15/2001, do 2 de novembro, polo que se adoptan medidas urxentes en materia de transporte aéreo, prevista na disposición adicional primeira do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado as competencias exclusivas en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo.

Disposición derradeira segunda. *Aplicación de dereito da Unión Europea.*

Este real decreto dítase en aplicación do disposto no Regulamento (CEE) n.º 95/93, do 18 de xaneiro, relativo a normas comúns para a asignación de franxas horarias nos aeroportos comunitarios.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Fomento para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de xaneiro de 2014.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Fomento,  
ANA MARÍA PASTOR JULIÁN

## ANEXO I

### I. Relación de aeroportos designados como coordinados.

#### a) Aeroportos civís designados coordinados:

- Alicante-Elche.
- Barcelona-El Prat.
- Bilbao.
- Fuerteventura.
- Ibiza –temporada de verán–.
- Madrid-Barajas.
- Menorca –temporada de verán–.
- Tenerife Sur.
- Valencia.

#### b) Aeroportos en aeródromos de utilización conxunta designados como coordinados:

- Lanzarote.
- Málaga-Costa del Sol.
- Gran Canaria.
- Palma de Mallorca.

### II. Relación de aeroportos designados como facilitados.

#### a) Aeroportos civís designados facilitados:

- San Sebastián.
- Girona-Costa Brava.
- A Coruña.
- Pamplona.
- Sevilla.
- Federico García Lorca-Granada-Jaén.
- Ibiza –temporada de inverno–.
- Almería.
- Menorca –temporada de inverno–.
- Asturias.
- Reus.
- Santander.
- La Palma.
- Jerez.

#### b) Aeroportos en aeródromos de utilización conxunta designados como facilitados:

- Tenerife Norte.

#### c) Bases aéreas abertas ao tráfico civil designadas como aeroportos facilitados.

- Murcia-San Javier.